

De todos resulta coñecido o debate social e político respecto de que as parellas de feito vexan garantido o seu dereito á non discriminación social baseándose no dereito de igualdade recoñecido no artigo 14 da Constitución española de 1978.

Por outra banda, o libre desenvolvemento da personalidade e da igualdade ante a lei, que constitúen principios fundamentais do ordenamento xurídico e social, demandan de tódolos poderes públicos a promoción das condicións para que esta liberdade e igualdade dos cidadáns e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, debendo elimina-los obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude (artigos 1.1, 9.2, 10.1 e 14 da Constitución).

En canto ás parellas de feito, o Parlamento Europeo xa recomendou a fin das discriminacións por motivo de orientación sexual e a equiparación de dereitos das parellas de homosexuais ó matrimonio.

A realidade lexislativa presenta unha lagoa no tratamento destas unións libres e soamente no terreo das pensións de viuvez para os supostos de unións non matrimoniais heterosexuais se deron algúns pasos e, mesmo, noutros supostos a lexislación equiparou ó cónxuxe a “análoga relación de afectividade” (artigos 23 e 454 do Código Penal, artigo 101 do Código Civil, etc). Estes preceptos son indicativos de que as relacións permanentes de afectividade análogas á matrimonial comezan a ser atendidas en determinados e peculiares casos e dotadas de certos efectos polo ordenamento xurídico.

Agora ben; non soamente as parellas de feito entendidas como unións heterosexuais ou homosexuais deben recibir protección; hoxe, as formas de convivencia exprésanse de xeito plural e hai moitas persoas que optan ou se ven obrigadas a establecer a súa comunidade de vida con outra ou outras na marxe do matrimonio, para o apoio mutuo e non definidas polo contido sexual da súa relación (unións constituídas entre parentes ou amigos) e que deberán gozar da mesma protección social, económica e xurídica cás unións matrimoniais e as familias por elas orixinadas, co fin de ter garantido o respecto e a promoción dos principios fundamentais de libre desenvolvemento da personalidade e de igualdade de tódolos cidadáns.

Son estas unións, que se poden nomear libres ou unións non matrimoniais, as que poden ser obxecto de atención dende o ámbito municipal, por canto pode resultar necesario ós seus membros acreditar a convivencia para os efectos de obter beneficios presentes ou futuros nos eidos fiscal, social, administrativo, educativo, hereditario, etc.

Tendo en conta que a esixencia constitucional de igualdade e liberdade se dirixe a tódolos poderes públicos, mentres tanto non se promulguen as disposicións legais pertinentes e sen prexuízo da aplicación analóxica ou dunha interpretación xudicial axeitada á realidade social do presente (artigos 3 e 4 do Código Civil), poderase ofrecer, mesmo no reducido ámbito da Administración municipal, un instrumento xurídico que asegure a igualdade e garanta a protección social, económica e xurídica das unións non matrimoniais, con independencia da orientación sexual, e tamén daquelas non definibles polo trato sexual, constituídas (entre parentes ou amigos) para a convivencia e amparo mutuo.

Así, coa finalidade de que poida quedar constancia no ámbito da Administración municipal, tanto para os efectos de inscrición no padrón municipal de habitantes como do resto de servizos por conta do Concello, sen prexuízo doutras finalidades que se poidan considerar lexítimas e sen que en ningún caso esta poida representar alteración ou intromisión nas competencias que correspondan a outros organismos, como é o recoñecemento doutras maneiras de proba da convivencia, aprobouse o presente:

REGULAMENTO ELABORADO PARA REGULA-LA CREACIÓN, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO REXISTRO MUNICIPAL DE UNIÓNS NON MATRIMONIAIS.

Artigo 1º.

Créase o rexistro municipal de unións non matrimoniais do Concello de Cambre de carácter administrativo, no que se poderán inscribi-las unións non matrimoniais, con independencia da orientación sexual, así como aquelas non definibles polo trato sexual e constituídas para a convivencia e apoio mutuo, isto na forma e cos requisitos que se establecen no presente regulamento.

Artigo 2º.

Poderán insta-la súa inscrición no rexistro todas aquelas unións de dúas ou máis persoas, incluso do mesmo sexo, que polo seu libre e pleno consentimento constitúan unha unión de convivencia non matrimonial.

Serán requisitos para que se leve a cabo a inscrición:

- a) Estar empadroados no Concello de Cambre. Para tal efecto, formulada a solicitude de inscrición, a encargada do servicio do padrón municipal informará ó respecto.
- b) Ser maior de idade ou menor emancipado e non ter sido declarado incapacitado. Axuntará fotocopia do DNI e documentos acreditativos de emancipación, se é o caso, de conformidade co establecido no artigo 314 e seguintes do Código Civil. Axuntará declaración responsable de non ter sido declarado incapacitado por sentenza xudicial firme.

Artigo 3º.

Tódolos membros da unión deberán asina-la solicitude de inscrición e esta inscrición levarase a cabo mediante comparencia persoal e conxunta perante o funcionario encargado do rexistro, efectuando declaración formal respecto da existencia da unión de convivencia non matrimonial.

Artigo 4º.

Poderanse inscribir, mediante transcripción literal, os convenios reguladores das relacións persoais e patrimoniais entre os membros da unión. Tamén se poderán inscribir outros feitos ou circunstancias relevantes que afecten á unión non matrimonial.

Artigo 5º.

Calquera modificación posterior dos datos inscritos en canto ó convenio e feitos ou circunstancias se deberá efectuar mediante comparencia persoal e conxunta dos membros da unión de convivencia non matrimonial.

Respecto da terminación da unión, poderase efectuar por instancia dun só dos membros da mesma.

Artigo 6º.

O rexistro municipal de unións non matrimoniais estará a cargo da Secretaría xeral do Concello.

Artigo 7º.

O rexistro materializarase nun libro-rexistro municipal de unións non matrimoniais, que estará formado por follas móbiles, foliadas e seladas, legalizadas coa rúbrica da Secretaría da corporación e expresará na súa primeira páxina, mediante dilixencia de apertura asinada pola Secretaria, o número de folios e a data de apertura.

Artigo 8º.

O libro-rexistro municipal de unións non matrimoniais non ten carácter público, agás as certificacións que expida o funcionario encargado do rexistro a instancia exclusivamente de calquera dos membros da unión ou de xuíces e tribunais de Xustiza.

Artigo 9º.

No ámbito competencial do Concello, as unións non matrimoniais de convivencia inscritas no rexistro municipal, cando se trate de parellas, terán a mesma consideración xurídica e administrativa cás unións matrimoniais, sen obstáculo doutras formas de proba.